



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

### **ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 4 DE MAIO DE 2017.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas e trinta minutos do día catro de maio de dous mil dezasete, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinaria e urxente. Os membros asistentes son os seguintes:

- **D<sup>a</sup>. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA**
- **D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ.**
- **D. CARLOS POUSA ESTÉVEZ.**
- **D. ANGEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ.**
- **D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ.**
- **D. ALEJANDRO LODEIRO RODRÍGUEZ.**

Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Antes de entrar na Orde do Día da sesión, sométese á consideración dos membros do Pleno a urxencia da sesión, motivada polos danos sufridos pola vide e produtos de horta con motivo das recentes xeadas.

Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a urxencia da sesión.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 30 DE MARZO DE 2017.-** Intervén o Sr. Carreiro Estévez para manifestar que, aínda que a redacción da Acta é mellor que en outras ocasións, non pode aprobala, xa que non chega a concreción que el quere.

Sometida a votación a aprobación da Acta, obtense o seguinte resultado: CINCO (5) votos favor e DOUS (2) votos en contra, quedando, polo tanto, Aprobada a Acta da sesión do 30 de marzo de 2017.

**2.- DECLARACIÓN DE ZONA CATASTRÓFICA CON MOTIVO DAS XEADAS SUFRIDAS.-** A Alcaldía presente a seguinte proposta de acordo ao Pleno do concello:

“A comarca do Ribeiro é unha zona adicada, de xeito predominante, ao cultivo da vide, aínda que tamén, en menor medida, ao cultivo de produtos da horta.

Debido os fenómenos atmosféricos adversos que aconteceron recentemente (xeadas), prodúxéronse importantes danos na produción dos viñedos correspondientes ao denominación de orixe “Ribeiro” e nos produtos de cultivo de horta que, en algúns casos, alcanzaron o 100% da produción.

A situación acontecida é merecedora de habilitar recursos por parte das administracións públicas para poder paliar, na maior medida posible, as perdas producidas para os agricultores, polo que, propónse a adopción do seguinte acordo:

- a) Solicitar da Xunta de Galicia a declaración de zona catastrófica das áreas de cultivo afectadas pola xeadas.
- b) Solicitar da Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Ourense liñas de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados.



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

- c) Dar traslado do presente acordo a Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Ourense, Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro e concellos afectados da comarca.

Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta, quedando elevada a acordo.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo ás doce horas e corenta minutos, de tódo-lo que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Senén Pousa Soto.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.